



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Departamento Territorial de Lugo

Gabinete de Normalización Lingüística

RESOLUCIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2010 DO XEFE DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL POLA QUE SE CONCEDEN DOTACIONES PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS *CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DA PROVINCIA DE LUGO* QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2009-2010.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), mediante resolución do 4 de xaneiro de 2010, realizou unha convocatoria de proxectos para o fomento do uso do galego nos centros que imparten ensinanzas públicas de niveis non universitarios en Galicia, para o curso escolar 2009-2010.

Ao abeiro desta resolución e, tras a proposta de resolución formulada polo Gabinete de Normalización Lingüística, que foi fiscalizada o día 31 de maio de 2010 pola Intervención Territorial Delegada, delegadas as competencias e efectuada a desconcentración de crédito,

Resolvo:

Conceder as dotacións, na contía que se indica no anexo I, aos proxectos dos ENDL dos centros públicos da provincia de Lugo e excluír desta dotación aos centros que se relacionan no anexo II.

Contra esta resolución caberá interpor recurso de reposición no prazo de un mes, perante o secretario xeral de Política Lingüística ou, directamente, recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados os dous prazos desde o día seguinte ao da comunicación desta resolución.

Lugo, 10 de xuño de 2010

O xefe do Departamento Territorial

José Jesús Ramos Ledo